

Nota de prensa
do SLG

23-12-2008

O SLG ALERTA DO RISCO DE CONVERTER O BANTEGAL NUN MECANISMO ESPECULADOR DA TERRA AGRARIA

■ Solicitamos ao Consello da Xunta a non aprobación da subida do prezo da terra para o vindeiro ano.



Na semana pasada tivo lugar unha reunión da Comisión de Seguimento do BANTEGAL, na que se aprobou, coa oposición do SLG, a subida do prezo das terras do BANTEGAL..

Queremos denunciar e alertar á sociedade do que nos parece outra tomadura de pelo, do que se vende por un lado e do que se fai por outro.

Unha medida que se adoptou fai un ano - que desde o SLG aplaudimos - para que as terras abandonadas se cultivaran para producir alimentos e deixaran de supor un elevado risco e custo de incendios, vai camiño de converterse nunha

ferramenta especulativa pola vía de aumentar os prezos de ditas terras para satisfacer aos/ás absentistas que as tiñan improdutivas.

Isto foi o que se aprobou en devandita Comisión. A proposta da CMR, mesmo para as terras en zonas ZERA (Zonas de Especial Risco de Abandono) que no primeiro ano pagaban un 20% do prezo base da Ha. É dun 70% para este segundo ano (máis do triplo). Finalmente a proposta que vai someterse ao Consello da Xunta é pasar dun 20 a un 50 % (máis do dobre).

Onde queda para os labregos e labregas a posibilidade de cultivar esas terras se non podemos asumir o custo delas?

Quen vai cultivar esas terras improdutivas? Ou é que se está pensando en poñe-las a disposición de empresas que as destinen a outros fins?

É esa a política de instalación de xente moza labrega no campo?

Estase a promover que as terras agrarias sexan para producir alimentos ou para outros fins especulativos no rural? Exemplos xa hai.

O Consello da Xunta ten a última palabra na súa próxima sesión. **Dende o SLG solicitamos que se pare a especulación e a conseguinte desfeita do agro.**

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Xosé Mnauel Calvo Rei, Secretario de Ordenación Territorial e Estruturas

TLF: 686 304 118

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,

TLF: 619 348 426